

SEPE

FORMACIÓN

24/3/2026

Resumimos os puntos clave da última Mesa Delegada no SEPE, onde a CIG denunciou a desigualdade no acceso á formación e esixiu modalidades telepresenciais para garantir unha conciliación real. Informámoste tamén sobre o inminente plan «sen cita», a nova aplicación de control do teletraballo.

Un orzamento case esgotado, pero cunha repartición moi desigual

A Administración presentounos os datos de execución do orzamento de 2025 e, a priori, a nova é boa: executouse practicamente o 100%. Con todo, salientamos que a formación non está chegando a todo o cadro de persoal por igual.

Por exemplo, coa formación provincial, mentres na provincia de Ourense se formou ao 78% do persoal, en Lugo a cifra cae a un preocupante 31% tras impartirse un único curso. Ademais, advertimos que hai moita xente que non ten cuberto o seu itinerario formativo.

Para solucionar isto e favorecer de verdade a conciliación, dende a CIG propuxemos na mesa que se aumenten significativamente os cursos en modalidade online síncrona ou telepresencial.

O problema das renuncias aos cursos

Outro dato que nos chamou moito a atención foi a altísima taxa de renuncias que existen na convocatoria nacional. Só na modalidade a distancia houbo máis de 1.500 persoas que non accederon á formación concedida e unhas 600 que non os remataron.

Pedimos á Administración que se analicen a fondo as causas reais destas renuncias para ter os datos na reunión de setembro.

Outros temas destacados Aproveitando a xuntanza, tramamos o seguinte:

- **Plan piloto "Sen cita":** A Administración anunciou que vai implantar de forma inminente un plan piloto de atención sen cita previa nalgúns oficinas (en Madrid, Barcelona, Cádiz e Toledo).
- **Control do teletraballo:** A partir de finais de marzo vaise instaurar a nivel nacional unha nova aplicación para o control das tarefas no traballo a distancia, que substituirá ao actual cuestionario de Forms.
- **Concursos e Estabilización:** a comisión de valoración do concurso de niveis 14-20 convocarase proximamente.

Por último, informamos de que o vindeiro mes de setembro vaise negociar a **revisión e actualización de toda a formación** interna do SEPE. Desde a CIG queremos levar propostas reais, útiles e por iso, animamos a todas as traballadoras e traballadores a que **nos envíedes** as vosas propostas, carencias que detectedes ou suxestións de novos cursos a través do noso correo electrónico: **sindicatos.cig@sepe.es**.